



terraetempo
dixital galego de pensamento nacionalista

CPN

Cadernos de
Pensamento
Nacionalista

Xosé Díaz Díaz

7

Liquidación do sistema de financiamento 2008

Fundación
Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas



www.terraetempo.com



terra et tempo
dixital galego de pensamento nacionalista

Resultados do Sistema de Financiamento en 2008



11/08/2010

“Galiza, pois, conta con tódolos atributos histórico-naturales que caracterizan ás verdadeiras nacionalidades; ¿Que Galiza non é unha nación por non ser un Estado independente e soberán?. Se tal defecto nos fose imputado por hespañoes, nós sentiríamonos incitados ao separatismo; pero en verdade soio aspiramos a unha autonomía integral, dentro da libre federación de tódolos pobos peninsulares. Galiza non necesita máis, pero non pode conformarse con menos.” (Castelao)

LIMIAR. Este é o último exercicio para un sistema de financiamento instaurado a fins de 2001 que entrou en vigor desde o ano 2002 e que, lembremos, tiñase establecido con carácter definitivo, para sempre, pretendendo conxelar definitivamente a marcha política cara un maior avance na soberanía polas nacións que compoñen o estado.

Precisamente o primordial e baseamento argumental da recente sentenza sobre o *Estatut*, que tería de ser lida por todo nacionalista, aínda só superficialmente, xira ao redor do concepto, reiterado en diversas sentenzas do tribunal Constitucional de que "autonomía non é soberanía", ensinándonos con clareza as diferenzas entre o "Estado das autonomías", onde non existe pacto ningún entre partes orixinais, e un estado federal, por exemplo, malia a cantidade de veces que escoitamos que este "Estado das Autonomías", simples descentralización administrativa para o Tribunal, é case federal. Só nun contexto tan antidialéctico como este cabe concluíren "loxicamente" que algo poida ser denominado nación mais que non teña efecto práctico ningún de índole xurídico-político, da mesma maneira que ser cidadá catalán non é outra cousa mais que un **ciudadá español** con veciñanza administrativa en Cataluña. En resume, ningunha soberanía reside no *Parlament* e así tanto ten cos cataláns referendaran ou non o *Estatut*. Xa se sabe que non hai peor enfermidade que confundir a cantidade coa cualidade, doenza da que por certo está ben libre o TC, para o que a única soberanía reside na "nación española" e os compoñentes individuais dese "pobo soberano" **son os cidadáns**, que pertencen a **unha categoría única, territorialmente indiferenciábel**: non existe outra cidadanía mais ca española, coincidindo nisto cos textos sagrados da Unión Europea. A clave desta lóxica que dálle as costas á realidade reside no feito de que a "Carta Magna" naceu de calquera cousa menos dun pacto previo entre as nacións realmente existentes. E de aquí que o *progre* Zapatero, como antes o Aznar, declare a sentenza como o tope máximo da "descentralización", mais unha vez pretendendo o imposible: negar a realidade da existencia de diversas nacións no Estado español e facer crer cos conceptos de nación e nacionalista non sirvan na práctica para nada en relación coa reivindicación da soberanía que éles connatural, contradicindo toda a teoría política habida e por haber e, o que é peor, toda a realidade. Mais tal é a profundidade *cantinflesca* da "España plural" zapateriana, así como todas as súas propostas ideolóxicas a respecto da reforma

laboral, das pensións e demais, para beneplácito de toda a dereita política e social que contempla semellante espectáculo abraiada. Claro co traballo do TC non é senón un subproduto da peneira que experimentou o *Estatut* desde a súa saída do *Parlament* até a súa aprobación no Congreso dos Deputados, após do acordo entre Zapatero e Más, entre o PSOE e CiU, desfigurando drasticamente as cuestións esenciais do seu contido (*poor Parlament*, que pouco te respectan algúns!). Coma exemplo podemos comprobar as diferenzas esenciais entre os preámbulos e artigo 1º dos *Estatuts* aprobados polo *Parlament* e o polo Congreso dos Deputados cara corroboraren isto.

ESTATUT APROBADO POLO PARLAMENT (BO Congreso, Serie B, Nº 210)

Preámbulo

A nación catalá veu construíndose no curso do tempo coas achegas de enerxías de moitas xeracións, de moitas tradicións e culturas, que atoparon nela unha terra de acollida. Catalunya ten definido unha lingua e unha cultura, ten modelado unha paisaxe, ten acollido asemade outras linguas e outras manifestacións culturais, tense aberto sempre ao intercambio xeneroso, ten construído un sistema de dereitos e liberdades, tense dotado de leis propias e ten desenvolvido un marco de convivencia solidario que aspira á xustiza social.

O presente *Estatut* segue a tradición das *Constitucions i altres drets de Catalunya*, que historicamente tiñan significado a articulación política e social dos cataláns e das catalás.

Desde 1714, teñen sido varios os intentos de recuperación das nosas institucións de autogoberno. Neste itinerario histórico constitúen fitos salientábeis, entre outros, a Mancomunidad de 1914, o restabelecemento da *Generalitat* e o *Estatut* de 1932 e o de 1979, nos que se establecía que Catalunya quería exercer, entón coma agora, o seu dereito inalienábel ao autogoberno.

É neste sentido co *Estatut* é depositario dunha memoria e garda o recordo de todos os que teñen loitado e dos que foron exiliados ou mesmo dos que morreron polo recoñecemento dos dereitos nacionais

LEI ORGÁNICA 6/2006, de 19 de xullo, de reforma do Estatuto de Autonomía de Cataluña.

PREÁMBULO

Catalunya veu construíndose ao longo do tempo coas achegas de enerxías de moitas xeracións, de moitas tradicións e culturas, que atoparon nela unha terra de acollida.

O pobo de Catalunya ten manifestado ao longo dos séculos unha vocación constante de autogoberno, encarnada en institucións propias como a *Generalitat* --que foi creada en 1359 nas Cortes de Cervera-- e nun ordenamento xurídico específico recollido, entre outras recopilacións de normas, , nas "*Constitucions i altres drets de Catalunya*". Despois de 1714, foron varios os intentos de recuperación das institucións de autogoberno. Neste itinerario histórico constitúen fitos salientábeis, entre outros, a Mancomunidad de 1714, a recuperación da *Generalitat* co estatuto de 1932, seu restabelecemento en 1977 e o Estatuto de 1979, nado coa democracia, a Constitución de 1978 e o Estado das autonomías.

A liberdade colectiva de Catalunya atopa nas institucións da *Generalitat* o nexa cunha historia de afirmación e respecto dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas da persoa e dos pobos; historia que os homes e mulleres de Catalunya queren proseguir co fin de facer posíbel a

<p>de Catalunya e dos dereitos sociais dos catalás.</p> <p>Mais tanto ou máis ca memoria, moven o presente <i>Estatut</i> a aspiración, o proxecto e o soño dunha Catalunya sen ningún tipo de obstáculos á libre e plena interdependencia que unha nación precisa hoxe.</p> <p>A vocación e o dereito dos cidadáns de Catalunya de determinar libremente o seu futuro como pobo, que o <i>Parlament</i> de Catalunya ten expresado reiteradamente, correspóndese coa afirmación nacional que historicamente representou a institución da <i>Generalitat</i>, vixente até o século XVIII e despois recuperada e mantida sen interrupción como máxima expresión dos dereitos históricos de que dispón Catalunya e que o presente <i>Estatut</i> incorpora e actualiza.</p> <p>Hoxe Catalunya, no seu proceso de construción nacional, expresa a súa vontade de ser e de seguir avanzando no recoñecemento da súa identidade colectiva e no perfeccionamento e a ampliación do autogoberno mediante este novo <i>Estatut</i>.</p> <p>Deste xeito, o presente <i>Estatut</i> define as institucións da nación catalá e súas relacións cos pobos de España nun marco de libre solidariedade coas nacionalidades e as rexións que a conforman, compatible co desenvolvemento dun Estado plurinacional.</p> <p>Do mesmo xeito, establécense os vencellos de relación con Europa, onde todas as comunidades nacionais teñen que participar de forma corresponsábel nas institucións de goberno e legislativas para contribuíren así á construción europea.</p> <p>O presente <i>Estatut</i> configúrase como o de Catalunya e Aragón, toda vez cos cidadáns de Cataluña e súas institucións políticas recoñecen Aragón como unha realidade nacional con entidade propia.</p> <p>Catalunya quer avanzar, mediante o presente <i>Estatut</i>, cara unha democracia de máis calidade baseada nun</p>	<p>construción dunha sociedade democrática e avanzada, de benestar e progreso, solidaria co conxunto de España e incardinada en Europa.</p> <p>O pobo catalán segue proclamando hoxe como valores superiores da súa vida colectiva a liberdade, a xustiza e a igualdade, e manifesta súa vontade de avanzar por unha vía de progreso que asegure unha calidade de vida digna para todos os que viven e traballan en Catalunya.</p> <p>Os poderes públicos están ao servizo do interese xeral e dos dereitos da cidadanía, con respecto ao principio de subsidiariedade.</p> <p>É por todo ilo que, seguindo o espírito do <i>Estatut</i> de 1979, o presente Estatuto asume que:</p> <p>Catalunya é un país rico en territorios e xentes, unha diversidade que a define e a enriquece desde fai séculos e a fortalece para os tempos vindeiros.</p> <p>Catalunya é unha comunidade de persoas libres para persoas libres onde cada un pode vivir e expresar identidades diversas, con un decidido compromiso comunitario baseado no respecto á dignidade da todas e cada unha das persoas.</p> <p>A achega de todos os cidadáns e cidadás ten configurado unha sociedade integradora, co esforzo como valor e con capacidade innovadora e emprendedora, valores que seguen impulsando seu progreso.</p> <p>O autogoberno de Catalunya se fundamenta na Constitución, así como nos dereitos históricos do pobo catalán que, no marco de aquela, dan orixe neste <i>Estatut</i> ao recoñecemento dunha posición singular da <i>Generalitat</i>. Catalunya quer desenvolver súa personalidade política no marco dun Estado que recoñece e respecta a diversidade de identidades dos pobos de España.</p> <p>A tradición cívica e asociativa de Catalunya ten subliñado sempre a importancia da lingua e cultura catalás, dos dereitos e dos deberes, do saber, da formación, da cohesión social, do desenvolvemento</p>
--	--

equilibrio de dereitos e deberes e na participación cidadá. Este principio orienta a acción dos poderes públicos, os cais están ao servizo do interese xeral e dos dereitos dos cidadáns, coma os dereitos ao benestar, á calidade de vida, a vivir en paz, a gozar duns servizos públicos eficientes e de calidade, á protección do medio ambiente e a dispor dun sistema de prestacións universais que favorezan a igualdade e a cohesión social, e a creación de riqueza e de ocupación plena e de calidade, cun compromiso permanente de loita contra das desigualdades, as discriminacións, as inxustizas e a pobreza.

Estes dereitos exércense conxuntamente coa responsabilidade individual e o deber cívico de se implicar nun proxecto colectivo, na construción partillada da sociedade que se quer acadar, organizada a partires do principio de proximidade a través dos concellos, as comarcas e as veguerías, que integran o sistema institucional da *Generalitat*.

O autogoberno de Catalunya inscríbese, xa que logo, nestes valores e obxectivos, que desenvolve no ámbito de Catalunya e que promove no ámbito español e europeo, especialmente a defensa da pluralidade de linguas e culturas, á que Catalunya achega o catalán coma lingua propia e común de toda a cidadanía con independencia da súa lingua de orixe e de uso habitual.

Este é un *Estatut* de persoas libres para persoas libres. A liberdade política que se alcance como país nunca debe ir en contra das liberdades individuais dos cidadáns de Catalunya, porque só é libre de verdade un país onde cada un poda vivir e expresaren suficientes identidades diversas, sen ningunha relación de xerarquía ou dependencia entre elas.

É por todo ilo que o presente *Estatut* establece que:

Primeiro. Catalunya é unha nación

Segundo. A *Generalitat* restabelecida en 1931 nunca ten deixado de existir, en terra propia ou no exilio, grazas á tenacidade de noso pobo e á fidelidade dos

sustentábel e da igualdade de dereitos, hoxe, en especial, da igualdade entre mulleres e homes.

Catalunya, a través do Estado, participa na construción do proxecto político da Unión Europea, cuxos obxectivos e valores comparte.

Catalunya, desde súa tradición humanista, afirma seu compromiso con todos os pobos de construíren unha orde mundial pacífica e xusta.

O Parlamento de Catalunya, recollendo o sentimento e a vontade da cidadanía de Catalunya, ten definido de forma amplamente maioritaria a Catalunya como nación. A Constitución Española, no seu artigo segundo, recoñece a realidade nacional de Catalunya como nacionalidade.

No exercicio do dereito inalienábel de Catalunya ao autogoberno, os Parlamentarios cataláns propoñen, a Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados acorda, as Cortes Xerais aproban e o pobo de Catalunya ratifica o presente *Estatut*.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Catalunya*.

Catalunya, como nacionalidade, exerce seu autogoberno constituída en Comunidade Autónoma de acordo coa Constitución e co presente *Estatut*, que é a súa norma institucional básica.

.....

seus dirixentes.

Terceiro. Catalunya, afirmando seus dereitos históricos, desenvolveu e ten unha posición singular no que se referir á lingua, á cultura, o dereito civil e á organización territorial.

Cuarto. Catalunya é un país rico en territorios e xentes, unha diversidade que a define e enriquece desde fai séculos e a fortalece para os tempos que veñen.

Quinto. Catalunya considera que España é un Estado plurinacional.

Sexto. Catalunya convive fraternalmente cos pobos de España e tamén é solidaria co resto do mundo.

Sétimo. O dereito catalán é aplicábel de forma preferente.

Octavo. A tradición política democrática de Catalunya ten subliñado sempre a importancia dos dereitos e deberes, do saber, da educación, da cohesión social e da igualdade de dereitos, e hoxe, en especial, da igualdade entre mulleres e homes.

Noveno. O acceso aos sistemas universais de comunicación, transporte, innovación, investigación e tecnoloxía, así como o desenvolvemento sustentábel, deben ser decisivos para os cataláns.

Décimo. Catalunya, a través do Estado, pertence á Unión Europea, partilla os valores e o modelo de benestar e de progreso europeos e ofrece súa amizade e colaboración ás comunidades e as rexións veciñas para formar, desde o Mediterráneo, unha euro-rexión útil para o progreso dos intereses comúns no marco das súas competencias.

Por fidelidade aos obxectivos devanditos y para faceren realidade o dereito inalienábel de Catalunya ao autogoberno, os parlamentarios cataláns propoñen:

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. A nación catalá.

1. Catalunya é unha nación.
2. Catalunya exerce seu autogoberno mediante

<p>institucións propias, constituída como comunidade autónoma de acordo coa Constitución e o presente Estatut.</p> <p>.....</p>	
---	--

Non coidamos sexa preciso faceren comentario ningún da radical metamorfose experimentada entre ambos os dous textos, que pode e debe servir como un exemplo avanzado de incoherencia nacionalista. A sucesiva e posterior peneira do Tribunal Constitucional, malia que a metade dos seus membros dáselles a cualificación de *progres*, non fai senón mais que eliminar toda posibilidade, converter en simples idealismo, as segundas ou n-ésimas lecturas abertas da Constitución de 1978, o debe servir para abrir, por fin, e esta vez si, unha nova conxuntura para o nacionalismo de cara a definir o camiño a emprender cara o Estado Plurinacional (necesario?) dentro do proceso de autodeterminación nacional. Non se chegaría ao mesmo resultado sen ter capado previamente o *Estatut* por parte dunha forza política catalá?. Evitou iso acaso o aldraxe ao pobo catalán?. Para que serven realmente os referenda?. Cómo logo estrañarse do que aínda permanecía como un avance, en casos moi importante, resulte literalmente arrasado pola sentenza dun tribunal todo o espurio que se queira, mais Tribunal Constitucional?. Qué caste de democracia é esta que padecemos?. Non é isto indicador da identidade entre o Estado das Autonomías (inxerido na "política territorial" do Estado) e unha descentralización simplemente administrativa, nunca política, menos soberana, que é o significado real da recente sentenza do Tribunal Constitucional?. Pouco importa a historia, os dereitos históricos, a vontade dos pobos a súa autodeterminación, a realidade: hai que manter a mantenta a ficción da España que recolle a Carta Magna de 1978, da que, nada menos, preténdese facer que sexa a parteira dos dereitos das nacións integradas á forza no Estado español que padecemos. Cómo non entender, xa que logo, a firme reacción da pobo catalán?.

Mais esta cuestión tan importante merecería por si propia un tratamento imposible neste lugar, no que deberemos repetir, aplicando a metodoloxía de anteriores informes, os resultados do sistema de financiamento no exercicio, agora liquidado, de 2008.

Porén, debemos facer referencia a importante cuestión que xurde como consecuencia de decisións adoptadas no exercicio 2008, do que agora, dous anos logo, coñecemos a súa liquidación. Como sabemos, os recursos cos que se financian as competencias transferidas ás comunidades autónomas son, en parte, tributarios, en parte, transferencias. Posto que para un ano dado a recadación impositiva que se produce progresivamente ao longo dese ano, non permite que se coñeza a súa cuantificación exacta até máis alá de transcorrido ese ano, hai que estimar previamente a súa cuantificación, procedendo, con base nela, a facer unhas entregas a conta ás diferentes CCAA do

régime común que consideramos. Cando se coñecen realmente todos os datos, dous anos logo, procédese á liquidación, resultando unhas diferenzas a prol ou en contra e sendo posíbel entón determinaren con certeza todos e cada un dos recursos que perciben as CCAA de réxime común. Para o sistema vixente no período 2002-2008, as diferenzas globais (resultado dos saldos positivos ou negativos de cada un dos recursos do sistema suxeitos a liquidación) para cada unha das CCAA, foi como se indica no Cadro a continuación, aínda que so indicaremos nel os resultados para o conxunto do réxime común e para Galiza no referente aos recursos totais e a contía que supón a liquidación, para cada un deses anos.

	SISTEMA DE FINANCIAMENTO 2002 - 2008							
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	
RÉXIME COMÚN								
Recursos Totais	71.317	78.527	86.290	97.648	100.030	114.357	99.626	
Liquidación (1)	2.850	4.181	4.239	5.571	7.921	6.076	-5.514	
Porcentaxe	4,00	5,32	4,91	5,70	7,92	5,31	-5,53	
GALIZA								
Recursos Totais	5.301	5.718	6.140	6.840	7.659	8.129	7.171	
Liquidación (1)	169	280	274	343	585	393	-574	
Porcentaxe	3,18	4,89	4,46	5,02	7,64	4,83	-8,00	

(1) Signo positivo significa que é a prol das CCAA; ao Estado en caso contrario.

Primeiro, notemos cos recursos totais medran continuamente até 2007, declinando no 2008 como consecuencia da crise económica en curso. Para o conxunto do réxime común a caída no 2008 é do 12,9% mentres que para Galiza é inferior, do 11,8%, o que vai ter como resultado unha lixeira mellora relativa da participación galega no sistema.

Segundo, como vemos, en todos os anos contemplados até o 2007, os resultados da liquidación foron positivos para as CCAA en ao redor dun 5% dos seus recursos totais, agás no ano 2006 no que a desviación foi case do 8%. Unha situación así é moi negativa para as CCAA posto que recibían uns recursos relativamente importantes con máis de dous anos de retardo sobre o período ao que corresponden. Por exemplo, no ano 2007, a liquidación supuxo uns ingresos paras as CCAA de 6076 M€ (sobre un total de recursos do sistema de financiamento nese ano de 114.357 M€), dos que 393 M€ corresponderon a Galiza (sobre un total de recursos de 8.129 M€). Porén, todo o contrario acontece nos exercicios 2008 e 2009. A lei propia do sistema de financiamento establece o conxunto de regras a respecto deses anticipos a conta que reciben as CCAA provisionalmente. Resulta evidente co crucial é que a estimación que se faga da recadación non experimente unha desviación considerábel respecto da recadación real, o que se a súa vez depende da precisión nas

estimacións que se fagan dos parámetros económicos fundamentais (como o crecemento do PIB, do consumo, do emprego, etc.) no proxecto de orzamentos estatal correspondente ao exercicio co que tratamos.

Noutra parte¹, temos referido como unha das actuacións principais do PSOE desde a presentación dos orzamentos de 2008 (ano electoral) a negación da crise económica, o que o levou a realizar unha previsión de crecemento do PIB no 3,3% así como a creación de 419.100 postos de traballo (os dados reais serían un 0,9% e unha perda de emprego de 117.300 traballadores). E mesmo no proxecto de orzamentos para 2009 estimábase un crecemento do PIB do 1% e unha perda de empregos de 99.400 traballadores, fronte á realidade do -3,6% e unha perda de emprego de 1.119.300 traballadores. Estas "previsións" tan arredadas da realidade no obedeceron, obviamente, ao descoñecemento económico nin nada que se lle pareza, mais como consecuencia levaron a unha inflación dos ingresos tributarios, que afectou conseguintemente ás CCAA nas entregas a conta que recibiron neses anos. De feito, a partires dos Informes Anuais, as recadacións tributarias, xestionadas pola AEAT, comportáronse de maneira negativa no período 2007-2009, fronte ao medre do conxunto da cesión de impostos por IRPF, IVA e IIEE, que, na súa parte estatal, utilízase para o cálculo do indicador dos Ingresos Tributarios do Estado nun ano dado (ITE_n), e que, determina entre outras cousas, a valor do Fondo de Suficiencia para cada comunidade autónoma.

CONCEPTO	2007	2008	2009
Recadación Total AEAT (M€)	200.676	173.453	144.023
Índice (Base = 2007)	100.0	86.4	71.8
Cesión (IRPF + IVE + IIEE) (M€)	53.370	60.651	60.422
Índice (Base = 2007)	100.0	113.6	113.2

Claro é que as CCAA non lle foron á zaga ao goberno central. Independentemente da súa cor política, no canto de axustaren as súas previsións de crecemento a cifras máis reais, como xa indicaban moitos organismos, tomaron como referencia as taxas de crecemento disparatadas do goberno central e, por exemplo, a Xunta galega estimaba daquelas o crecemento da economía galega dos anos 2008 e 2009 como superior en 0,5 puntos porcentuais ao estatal. A unha burrada, respondíase con outra peor. E por suposto os anticipos "inflados" incorporados nos orzamentos das CCAA gastáronse alegremente², transmitíndolle así os problemas a outros. É ben sintomático co

¹ "Os Orzamentos do Estado no ano 2010. Os investimentos na Galiza".

² Hai que facer notar que no ano 2008, a única comunidade autónoma con liquidación ao seu favor foi a de Madrid e iso pola cativa contía de 15,07 M€. Non hai nada de estraño nisto mais co comportamento do goberno central empeñado en lle facer a contra a Aguirre, que laiaba a todo berro contra Solbes e Zapatero por entenderen cos anticipos a conta que se lle achegaban a Madrid eran inferiores aos que entendía ela lle

gobierno posterior do PP non critique desde esta óptica ao goberno "bi-partito", indicador preclaro de que, de estaren el no goberno nese momento, faría xusto o mesmo. Toda a crítica vértese contra de Zapatero, por razóns que non será o caso ter que explicar aquí.

Ademais, no momento de se negociar o novo sistema de financiamento, chegándose a un acordo unánime no Consello de Política Fiscal e Fiscal (CPFF) o 15 de xullo de 2009, no documento aprobado (Acordo 6/2009) recollíase ao final do mesmo, no seu epígrafe 4.10 "Moratoria no reintegro das liquidacións negativas", que o Ministerio de Economía e Facenda "proporá as medidas legislativas e realizará as actuacións administrativas necesarias para que, no caso de que a liquidación definitiva do sistema de financiamento dos exercicios 2008 e 2009 resultasen negativas, seu reintegro resulte aprazado, sen necesidade de petición ulterior polas CCAA. (...), o reintegro realizarase mediante *retencións sobre as entregas a conta ou liquidacións de calquera dos recursos*, a partires de xaneiro de 2011 no suposto de liquidación negativa do exercicio 2008, ou a partires de xaneiro de 2012 no suposto de liquidación negativa do exercicio 2009, *por un importe tal, en ambos casos, que permita cancelar a débeda total nun prazo máximo de 48 mensualidades*". No debate posterior no Congreso que deu lugar á Lei 22/2009 de 18 de decembro estableceuse na disposición adicional 4ª a respecto do aprazamento e fraccionamento no reintegro das liquidacións negativas de 2008 e 2009 que "... a liquidación negativa global correspondente a cada un dos anos 2008 e 2009, que no seu caso se produza, abonarase por aquelas CCAA *que teñan aceptado en Comisión Mixta o sistema contido nesta lei, mediante retencións practicadas polo Estado sobre as entregas a conta ou liquidacións de calquera dos recursos [a partires de xaneiro de 2011 e 2012 para 2008 e 2009 respectivamente]*..., *por un importe tal, en ambos os casos, que permitan cancelar a débeda total nun prazo máximo de 60 mensualidades*". Como vemos esténdense aquí os 4 anos estabelecidos no Acordo do CPFF 6/2009 a cinco. Por suposto a Xunta de Galiza, ao igual cos demais, deu a súa aprobación ao novo sistema na Comisión Mixta Galiza-Estado celebrada o 21 de decembro de 2009.

Obviamente, este sistema de reintegro aprazado "concédesse graciosamente" polo Estado, pois é ben consciente de que ás CCAAs afectadas éles pouco menos ca imposible a devolución dun só golpe, como debería ser, das liquidacións negativas de 2008 e mais peor a de 2009. E acéptase por todas as CCAA no CPFF (órgano multilateral) e nas Comisións Mixtas (órgano bilateral) respectivas. Á vista disto hai que preguntarse porque a Xunta de Galiza non propuxo a devolución en 10 anos no CPFF antes de se aprobar o novo sistema de financiamento e, pola contra, unha vez que acepta os

correspondían. A realidade, que vemos agora, e que, practicamente, eses anticipos foron exactos e, agora esa comunidade non se ve suxeita a devolución ningunha derivada da liquidación no ano 2008. Claro que é discutíbel economicamente se non é mellor recibir antes máis diñeiro do que a un lle corresponde, que hai que comezar a devolver tres anos ao longo dun prazo de cinco anos, e sen soportar ningún tipo de xuro.

resultados do mesmo, tal como indicamos, predica agora irresponsabelmente esta fórmula sen parar, parecendo que esta fora a única actuación que desenvolve. Por qué o PP non presenta no Congreso dos Deputados unha Proposición de Reforma da lei 22/2009, do novo sistema de financiamento, que inclúa esta modificación, que é o único procedemento viábel de lograr ese obxectivo, e non gastar o tempo en proclamalo de xeito propagandístico, unha e outra vez, nas diversas andainas xacobeas ás que tan gustosamente préstase Nuñez Feijoo?.

En todo caso, baixo o suposto aproximado de devolución da mesma cantidade cada ano, para cada unha das devolucións de 2008 e 2009, Galiza tería que devolver ao Estado 115 M€ no ano 2011, 512 M€ en cada un dos anos 2012 a 2015, e 397 M€ no ano 2016. Unhas cifras moi importantes coas que se poderían desenvolver importantes proxectos para o país. De feito supoñen o 10% das devolucións do conxunto do réxime común. Para isto si somos importantes; xa nos gustaría representar o 10% dos recursos totais do sistema de financiamento novo e vello!!.

OS RESULTADOS EN 2008 PARA ‘RICOS’ E ‘POBRES’

Xa que ao Sistema de Financiamento, ao seu significado e operativa, témonos referido noutras moitas ocasións, aproveitaremos este recente Informe de Liquidación para **subliñar os seus principais resultados, así como tentaremos que a través deste exercicio concreto se fagan máis evidentes as eivas do vixente Sistema de Financiamento desde a óptica do noso país.**

O actual sistema de financiamento, a súa concreta configuración, é unha das derivadas do peculiar modelo de descentralización do estado español, consecuencia directa da nunca ben ponderada, inequívoca, incontestábel e incombustíbel Constitución de 1978, que partindo do principio de negación da xenuína realidade plurinacional³ do Estado, erixe como soberanía única, orixinal, indiscutíbel e indubidábel á soberanía estatal, identificada nunha nación española, unha e indivisíbel.

Por tanto, **non debería estrañar que a través do mesmo se pretenda *colar de contrabando* a ideoloxía básica, primaria, do españolismo *radical ou moderado*, que resumiremos na consabida e recorrente fálacia de que a existencia do noso país depende da existencia e xenerosidade do estado, dada a súa -non á deles-- inutilidade conxénita, de orixe, para se valer por si propio. O que resulta para eles tan evidente como que é o Sol quen xira arredor da Terra, unha verdade *radical* nos tempos baixo medievais. **Por iso turrán contra o máis mínimo avance no noso autogoberno**, non digamos a nosa soberanía plena.**

³ Ou “estado composto” como ás veces adoita empregarse dunha maneira pretensamente “neutral”.

No entanto, o sistema de financiamento non é máis que o instrumento que ten como finalidade o financiamento das competencias e servizos transferidos ás diferentes CCAAs. Este financiamento, no caso do sistema en vigor, realízase por medio dos ingresos tributarios procedentes dunha cesta tributaria que integra unha parte dos impostos estatais, dos que os principais en termos cuantitativos son cedidos⁴ ou territorializados, tamén de maneira parcial, nunhas porcentaxes iguais para todas as CCAAs do réxime común. O modelo completa os recursos con outro ingreso para as comunidades (“gasto” para o Estado), unha transferencia adicional positiva, no caso de que cos recursos tributarios procedentes desa cesta non se cubra o custe de subministración dos servizos e competencias, ou unha transferencia negativa no caso contrario. Este ingreso en forma de transferencia é entón o elemento de peche do sistema (a diferenza entre as necesidades de gasto e os ingresos derivados da cesta tributaria) e non por casualidade, se lle denomina Fondo de Suficiencia.

Tamén e como transferencia hai que incluír a garantía dinámica (temporal) existente no sistema a respecto tan só do servizo sanitario, e que afecta ás CCAAs nas que os recursos que aporta o modelo para a Sanidade medran menos, nun ano dado e en relación co ano base, que o crecemento do PIB estatal. Garantía, cunha vixencia temporal restrinxida ao período 2002-2004 inicialmente, mais que polas dificultades que este servizo esencial atravesaba, levou a que a II Conferencia de Presidentes de 2005⁵, entre outras cuestións, estendera a súa vixencia até o momento en que se negocie un novo sistema de financiamento, o que xa se fixo realidade e entrou en vigor a partires de xaneiro de 2009. De acordo con esta derradeira modificación, a contía desta garantía non poderá exceder de 500 M€ para todas as CCAA afectadas, sendo pois moi cativa relativamente ao conxunto de recursos do sistema.

Resulta evidente cos recursos totais que procura o sistema de financiamento poderían ser na súa totalidade quer ingresos na forma de recursos tributarios quer ingresos na forma de transferencias estatais, sen que por elo se modificase a contía dos recursos totais. Mais é ben sabido como o conxunto do españolismo académico e político pretende derivar desta específica conformación dos recursos do sistema (división en ingresos tributarios e transferencias), sobre todo no noso país, dúas „verdades“ esenciais para os seus obxectivos políticos: **a)** as CCAAs que teñen un Fondo de Suficiencia positivo son alcumadas como „pobres“, de maneira que **b)** unicamente poden financiar os servizos a elas transferidos grazas á „solidariedade“ das CCAAs alcumadas como „ricas“⁶. O

⁴ Cualificación esta de “cedidos” que sintetiza maxistralmente como a lingua reflicte a ideoloxía dominante.

⁵ Á que Galiza asistiu mais non estivo, como acontecía a miúdo co goberno anterior.

⁶ Que non o hai que dicir agacha a pregunta esencial: ¿Quen financia ao Estado?. Segundo coñecemos polos *españolistas* non é máis que unha especie de Espírito Santo localizado no quilómetro cero madrileño.

simplex papel aritmético que xoga o Fondo de Suficiencia como elemento de peche do modelo convérteno descaradamente nunha póla máis, e non a menos importante, da frondosa árbore *españolista* que ten como froitos os recorrentes conceptos ideolóxicos da „Galiza subvencionada“ e da „solidariedade estatal“, que presentan ao noso como un país inútil, coa pretensión de que determinados segmentos da poboación galega se alimenten con froitos tan pestilentes, mais, sobre todo, coa pretensión de coutar ou mostrar como inviábel calquera perspectiva de futuro galego fóra do contexto político-institucional actual. A sentenza sobre o *Estatut* vén a ratificar isto mesmo precisamente.

O cadro seguinte resume os recursos que aporta o sistema no ano 2008 para cada unha das CCAAs, sendo de agardar que o mesmo serva, de maneira práctica, para pór de manifesto a falacia de semellantes „verdades“ e o carácter sinxelamente ideoloxicista destas vulgaridades e barbaridades „científicas“, expresión máxima da bazofia ideolóxica españolista disfrazada como „ciencia“:

LIQUIDACIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO EN 2008 (M€)				
CCAA	RECURSOS	TRANSFERENCIAS		RECURSOS
	TRIBUTARIOS	F. Suficiencia	G. Sanitaria	TOTAIS
Cataluña	14.598	2.464	78	17.140
GALIZA	3.890	3.225	55	7.171
Andalucía	10.677	8.066	111	18.853
Asturias	1.765	983	24	2.772
Cantabria	1.007	636	9	1.653
A Rioxa	541	334	4	879
Murcia	1.998	981	10	2.989
C. Valenciá	7.526	2.320	50	9.895
Aragón	2.418	980	18	3.416
Castela-A Mancha	2.855	2.095	21	4.971
Canarias	1.456	2.834	29	4.318
Estremadura	1.224	1.708	22	2.954
Illes Balears	2.274	-206	19	2.088
Madrid	14.025	-162	0	13.863
Castela e León	3.902	2.714	49	6.664
RÉXIME COMÚN	70.155	28.971	500	99.626
% GALIZA/RC	5.55	11.13	11.09	7.20

Como vemos, todas as CCAAs teñen un Fondo de Suficiencia positivo agás os casos das Illes Balears e de Madrid, nas que é negativo, mais dunha contía mínima. Isto último, por outra parte, é así, necesariamente, pola mesma definición deste sistema de financiamento, xa que o valor deste fondo para cada comunidade non é mais co resultado de multiplicar o seu valor inicial no ano base (1999) polo índice de Ingresos Tributarios do Estado (ITE_n). Posto que neste ano base os valores do Fondo de Suficiencia eran negativos para estas dúas comunidades, sempre o serán ao longo da vixencia deste sistema, por simples razóns matemáticas, que, por suposto, utilízanse ideoloxicamente dunha maneira descarada sen o mais mínimo decoro e rubor. Así a identificación

de CCAA „pobre“ como aquela que precisa de Fondo de Suficiencia para completar os recursos cos que financiar as competencias e servizos transferidos (educación, sanidade, xustiza, servizos sociais, ...) remata nun auténtico desatino de facto e intelectual, tanto máis grave cando a todos estes elementos *españolistas* hai que lles supoñer que deberían coñecer o significado e alcance do vixente sistema de financiamento autonómico de réxime común. Cataluña que percibe en termos absolutos un Fondo de Suficiencia (2.464 M€) que equivale a case o 76.4% do galego sería, segundo esta „teoría“, unha das máis „pobres“ do estado español. Concretamente, e atendendo ao volume do Fondo de Suficiencia sería a quinta CCAA máis „pobre“ do Estado, logo de Andalucía, Galiza, Canarias⁷ e Castela e León!.

É verdade que co novo modelo de financiamento, que non muda a esencia do vixente, ocorrerá que ao medrar a porcentaxe de cesión ou territorialización dos impostos principais que integran a cesta impositiva⁸, os maiores recursos tributarios veranse acompañados dunha diminución dos novos Fondos de Suficiencia (chamados agora Fondo de Suficiencia Global, se ben estará acompañado de tres novas transferencias) polo que, automaticamente, todas as CCAAs pasarán a ser moito menos „pobres“ e mesmo no caso catalán, o conxunto desas transferencias continuará a ser positivo como teremos ocasión de comprobar na vindeira liquidación, primeira do novo sistema, permanecendo pois, como unha das comunidades „pobres“. Como se pode comprobar, de lle facer caso a estes farsantes „científicos“, non hai nada máis doado que „transformarse“ dunha comunidade „pobre“ a „rica“ grazas á maxia implícita no trebello do modelo de financiamento. Por qué non facer un sistema que financie as necesidades de gasto unicamente con ingresos tributarios, eliminando os Fondos de Suficiencia⁹ e transferencias varias, convertendo con ilo en 'ricas' a todas as CCAAs?. Para qué traballar, producir e innovar?.

E que queda da imaxe recorrente de que as comunidades „ricas“ aportan para que as outras, as „pobres“, sexan capaces de financiar as súas necesidades?. Primeiro, decatémonos de que, malia as diferenzas de dimensión de todo tipo, as Illes Balears teñen un Fondo de Suficiencia negativo (a devolver ao Estado) superior ao madrileño, indicando, de acordo co españolismo académico, que as illas son máis „ricas“ que o territorio onde se localiza a capital do estado. Claro que ambos os dous Fondos de Suficiencia negativos totalizan a paupérrima contía de 368 M€, polo que unicamente

⁷ Nesta comunidade como consecuencia do seu especial sistema fiscal na imposición sobre o consumo, e a non se contemplar no sistema de financiamento os Impostos propios canarios que substitúen determinados impostos de carácter estatal.

⁸ Coma é sabido, as porcentaxes de “cesión” e de territorialización pasarán do 33% ao 50% no caso do IRPF, do 35 ao 50% no caso do IVA, e do 40 ao 58% no caso dos impostos especiais de fabricación.

⁹ Para Galiza, segundo esta liquidación de 2008, ilo significaría que a porcentaxe de “cesión” de IRPF, IVA e Impostos Especiais de fabricación se situara nun 75%.

significan o 14.9% do Fondo de Suficiencia positivo catalán ou o 1.25% dos 29.339 M€ que totalizan os Fondos de Suficiencia de todas as CCAAs que o teñen positivo. Pretenderán acaso facérmonos a demostración matemática de que $368 \equiv 29.339$ como aqueloutra demostración (falsa lóxicamente) que ensináronos de cativos, segundo a cal un número enteiro calquera era igual a calquera outro (por exemplo $4 = 5$), facéndose así „racional“ trocar pesos por catro pesetas?. Tal é a “ciencia” dos nosos *españolistas* na súa “análise” desnortada do sistema de financiamento.

OS FLUXOS FISCAIS ENTRE GALIZA E O ESTADO

Pero avancemos coas „verdades“ do españolismo académico e político a respecto do sistema de financiamento. No cadro anterior comprobamos que os recursos totais que o sistema de financiamento aportou a Galiza no ano 2008 foron de 7.171 M€. Se miramos no Informe de Recadación Tributaria da Axencia Estatal (AEAT) dese ano, atopámonos con que a recadación **nas súas Delegacións galegas** por todos os impostos do sistema fiscal español (que son máis que os que se integran na cesta tributaria do sistema de financiamento) achega soamente 4.354 M€. A través disto, o *españolismo*, incansábel, sinálanos a evidencia manifesta da „solidariedade“ estatal, xa que fronte a unhas necesidades de gasto de 7.171 M€, a recadación **nas delegacións galegas** da AEAT é unicamente de 4.354 M€. *Poor academicismo españolista*. Non ten remedio.

A cuestión chave é: ¿reflicte este Informe Anual da AEAT os impostos **soportados** polos galegos nese ano; reflicte realmente o que o Estado arrepaña como impostos aos galegos, para o seu **financiamento**, que mal que lles pese aos nosos *españolistas*, non lle chove do ceo madrileño?. Os mesmos *españolistas* irredentos parecen ás veces ser conscientes que se trata de dúas cousas ben diferentes, mais desprézanos, pasan olímpicamente diso, non lles parece relevante nin importante, pois do que se trata é de afirmar contra vento e maré os feitos „evidentes“ da „solidariedade“ estatal e da Galiza „subvencionada“. **Son ben conscientes, eles si, de que se perden estas armas, perden toda a razón da súa existencia**, da súa fe, das súas crenzas. Quedarían totalmente desarmados. O pobo galego faríase máis libre, algo que non están dispostos a aceptar de ningunha maneira. Hai pois que manter a calquera prezo as aparencias, hai que negar a realidade, a verdade.

En troques, parecería que todo galego normal debería estar interesado en coñecer a realidade, é dicir, en coñecer, sequera for dunha maneira aproximada, por non resultar doada nin posíbel a exactitude plena neste ámbito, dada a inexistencia dun sistema fiscal propio e exclusivo galego, dado o espazo estatal de que formamos parte, a unicidade do seu sistema fiscal, e o comportamento de determinados impostos nun contexto de mercado máis amplo co simplemente galego. Moitos si

coñecen que as sedes das empresas públicas ou dos organismos estatais „periféricos“, as da maioría das grandes empresas privadas, industriais ou de servizos, con presenza na Galiza, están localizadas fóra de Galiza e moi maioritariamente en Madrid, polo que os tributos resultantes do imposto de sociedades, do IVA, das súas operacións co exterior, ou as retencións dos seus traballadores, non se realizan nas delegacións galegas da AEAT. Como exemplo extremo, desde unha perspectiva fiscal, no estado español asistimos á milagre fabulosa de non existiren fumadores máis que en Madrid, pois é nesta CA onde se recada o 100% do imposto que recae sobre o tabaco; así, cando deleitábame (canto o boto de menos!!) fumando na miña cachimba ou cando mercaba o tabaco correspondente no estanco preto da miña casa, iso non acontecía na realidade; non eran máis que fabulacións idealistas miñas, propias do bispo Berkeley, de lle facer caso aos nosos benqueridos *españolistas* “galegos¹⁰”. De facto, nas delegacións madrileñas da AEAT recadouse en 2008, o 38% do IRPF, o 44% do Imposto de Sociedades, o 53% do imposto sobre a renda dos non residentes, o 50% do IVA, o 85% de todos os impostos especiais, o 64% do imposto sobre primas de seguros; en conxunto, o 48% da totalidade da recadación derivada do sistema fiscal español xestionada pola AEAT. Por isto, este Informe da AEAT non serve ren para indicármonos cales son os impostos totais que soportan os galegos --nin os demais-- como consecuencia do sistema fiscal español, por moito que as cifras agregadas dos diferentes impostos contidas neste informe sexan correctas. Vemos así que a recadación de impostos **nas delegacións galegas da AEAT** significarían unicamente o 3,1% da recadación total estatal. Xa nos gustaría, pensarán algúns. Da mesma maneira que nel se reflicte que neste ano 2008, coma dixemos, nada menos co 48% da recadación total por todos os impostos concéntrase en Madrid, cando o PIB deste territorio significa o 17.8% do total español, máis de dúas veces e medio menos, facendo evidente unha incongruencia flagrante, unha anormalidade absoluta, unha imposibilidade, sobre todo tendo en conta o **paupérrimo carácter progresivo** do conxunto do sistema fiscal español.

Porén e afortunadamente, o Informe de Liquidación do Sistema de Financiamento, para o caso dos impostos que se integran na cesta de tributos, non utiliza o criterio de distribución territorial que mantén o Informe de Recadación Tributaria da AEAT, consciente da súa irrealidade e por obedecer a outras finalidades estatísticas, que resultan desapropiadas para consideraren adecuadamente os impostos realmente soportados polos habitantes dos diferentes territorios do estado español. Deste Informe de Liquidación podemos obter a recadación xeográfica real da maioría dos impostos que compoñen a cesta tributaria, agás nos casos do IVA e dos Impostos Especiais, para os que dadas as súas características ben coñecidas, utiliza para a súa distribución territorial uns índices de consumo

¹⁰ A. Vilar Ponte chegará a dicir que “os que se chaman galegos, renegando da lingua, non teñen máis dereito a chamárense así que os animais e as plantas que nacen nos nosos eidos”. Son uns galegos moi raros que non son conscientes de que o son, ou peor, que son ben conscientes de que non o son.

específicos, conscientes os seus autores de que por medio deste procedemento específico aproxímase moito máis á carga tributaria real dos mesmos nas diferentes nacións e rexións que compoñen o estado español.

No sistema de financiamento en vigor, negociado a fins do ano 2001 e resultado, basicamente, dun acordo entre o PP e CiU, os impostos que compoñen a cesta tributaria, así como a súa porcentaxe de cesión ou territorialización e volume, foron no ano 2008 para Galiza, os que se mostran no Cadro a continuación:

SISTEMA DE FINANCIAMENTO. Recursos tributarios ano 2008 (M€) GALIZA				
IMPOSTO	%	SdF	Resto	TOTAL
	Ces/Terr.	Rec/Terr	Recad/Terr	Suportado
Cedidos tradicionais(1)	100	845	--	845
IRPF	33	1.296	2.393	3.689
IVA	35	1.035	1.922	2.957
IEE de Fabricación (2)	40	469	704	1.173
IE Electricidade	100	96	--	96
IE Matriculación	100	57	--	57
V. retalista Hidrocarburos (Tramo estatal e autonómico)	100	92	--	92
SdF : T O T A L		3.890	5.019	8.910

- (1) Sucesións e doazóns, Patrimonio, Transmisións patrimoniais, Actos xurídicos, Taxa sobre o xogo, e taxas afectas aos servizos transferidos (consideradas con criterio normativo).
 (2) Alcol e bebidas derivadas, Cervexa, Produtos intermedios, Hidrocarburos, Labores de tabaco.

Obviamente este Cadro non contempla a totalidade dos impostos soportados polos galegos, xa que quedan fóra do mesmo o resto de impostos do sistema fiscal español non integrados no Sistema de Financiamento, nomeadamente o imposto de sociedades, de primas de seguros, de tráfico exterior, rendas de non residentes... De maneira aproximada pero ben máis real que o que indican as cifras de recadación do Informe da AEAT, adoptaremos o criterio de que a carga soportada polos galegos por estes impostos non integrados no Sistema de Financiamento, equivale ao 6% da recadación real estatal dos mesmos (34.414 M€), elevándose entón, no ano 2008, a 2.065 M€.

Debemos ter en conta que, de acordo co documento do IGE, "GALIZA EN CIFRAS 2008", o número de empresas con centros produtivos na Galiza, mais coa súa sede localizada fóra de Galiza se elevan a 5.147 no ano 2007¹¹, coma se mostra no cadro a continuación:

¹¹ Habrá de agardar á publicación do "Galiza en Cifras 2009" para coñecer os datos do ano 2008.

RAMA	SEDE SOCIAL	
	GALIZA	FÓRA
I. Extractiva	448	22
I. Manufactureira	15.827	337
Electricidade, Gas, Auga	308	59
Construción	30.092	676
Servizos	159.231	4.053
TOTAL	205.906	5.147


No informe da AEAT “Mercado de Traballo e Pensi3ns en 2008”, froito da explotación da estatística de recadaci3n do IRPF nese ano, podemos comprobar que estas empresas con sede f3ra de Galiza atinxen a 136.367 traballadores asalariados, de maneira que a s3a dimensi3n media en termos de emprego, de case 30 traballadores asalariados, 3 moi superior a da empresa galega en xeral. E do mesmo xeito, mentres que o salario bruto medio declarado nestas empresas con sede social localizada f3ra de Galiza foi de 24.346 €, nas empresas coa sede localizada na Galiza (998.487 asalariados) foi de 16.834€, s3 o 69% do anterior. Non hai que dicir, xa que logo, que estamos en presenza de empresas moi importantes que tributan f3ra de Galiza por todos os impostos estatais que se derivan da realizaci3n da s3a actividade, en especial o imposto de sociedades. A recadaci3n por este imposto **nas delegaci3ns galegas** foi en 2008, segundo a AEAT, de 1.323,9 M€. Ao considerarmos que a recadaci3n real galega debe ser como m3nimo do 6% da recadaci3n total deste imposto (27.301,4 M€), 3 dicir, 1.638,1 M€, est3moslle a imputar 3s empresas con centros produtivos na Galiza mais coa sede localizada f3ra do noso pa3s, unha recadaci3n de 314,2 M€, que sup3n unha recadaci3n media por parte destas importantes empresas de 0,06 M€ e, a maiores, simplificando o tipo neto deste imposto no 30%, ilo significar3a que o beneficio medio alcanzado por estas 5.147 empresas con sede lonxe de Galiza, ser3a de 0,2 M€ (34 M. das vellas pesetas). O que nos parece certamente unha posici3n que pode cualificarse mais ben como moi conservadora.

Pois ben, coma resultado final do devandito, obter3amos que a carga tributaria que os galegos soportamos como consecuencia do sistema fiscal espa3ol no ano 2008 3 a seguinte:

- Polos Impostos integrados no S. de Financiamento	8.909,5 M€
- Polos Impostos non integrados no S. de Financiamento	2.064,9
TOTAL	10.974,4 M€

Obviamente esta 3 a cifra que hai de confrontar cos 7.170,8 M€ que “aporta” a Galiza o sistema de financiamento para financiaren a totalidade das s3as competencias, o que m3stranos un diferencial,

contra Galiza, de 3.803,6 M€. Unha realidade ben diferente da que nos quere presentar o *españolismo* académico e político, a través da comparanza que saben inadecuada, anticientífica, que vimos anteriormente, no seu afán por nos manter permanentemente na situación equivalente á dos escravos satisfeitos coa súa situación, en tanto que inimigos frontais do 'Denantes Mortos Que Escravos' do noso Castelao. E tamén é doado acreditar que os recursos tributarios integrados no Sistema de Financiamento para Galiza (3.890,2 M€) **significan o 35% da carga impositiva total soportada polos galegos, quedando alegremente o nunca ben ponderado estado español con case os 2/3 dos impostos realmente soportados polos galegos.**



Por outra parte e tal como xa temos explicado noutras partes, esta figura e a seguinte resumen graficamente o contraste entre a **ficción** implícita derivada da actual estruturación xurídico-política

reducida a diferenza que antes vimos de maneira radical. Mais isto é fariña doutro costal, sobre todo para o españolismo académico e político, empeñado nos absurdos, nas loitas contra dos muíños de vento habituais, de inventar dezasete nacións no estado español. Eles, xa se sabe, non gustan dunha cunca de caldo galego. Toman dezasete caldos de catro variedades para xustificaren a calquera prezo a estrutura político-institucional estatal actual.

A EVOLUCIÓN TEMPORAL PERVERSA DO SISTEMA PARA GALIZA

Un sistema de financiamento, sobre todo tendo en conta as prédicas recorrentes relativas á „igualdade“ persoal e territorial que seica caracterizan á Constitución española se obviamos a teimuda realidade, debería fundamentarse nun **principio de suficiencia que garantise os recursos necesarios para ofrecer uns servizos públicos do mesmo (o máis parecido posíbel) nivel e calidade, cuxo custe de subministro é moi diferente en cada CCAA**, condición básica que non se tivo en conta na formulación do modelo vixente. Así no momento de se implantar, no ano base, resulta crucial que se tome en consideración na configuración do modelo a situación de partida de cada territorio, o nivel de desenvolvemento relativo, o custe **real** de subministración dun nivel e calidade dados de prestación dos diferentes servizos públicos, así como a **garantía dunha evolución temporal dos recursos que faga posíbel e viábel o necesario proceso de converxencia** que neste ámbito debe producirse entre as diferentes CCAAs do estado. Lamentabelmente nada disto se tivo en conta no novo sistema que entrou en vigor en 2009. Malia a confusión reinante, o outro **principio básico, o de autonomía**, non ten a ver esencialmente con cuestións cuantitativas, senón coa cuestión principal de que a configuración do modelo estexa sustentada na capacidade propia de disposición do gasto e do ingreso de acordo coas eleccións propias de cada territorio, val dicir, que exista realmente autonomía financeira, unha condición *sine qua non* da existencia de autonomía política efectiva. **Aspecto este que o modelo actual contempla a niveis certamente paupérrimos (malia a recorrente propaganda de sermos 'o estado máis descentralizado do mundo', unha 'auténtica envexa mundial')**, e que está e estará, por tanto, situado no cerne dos debates actuais e futuros a respecto das reformas estatutarias, por faceren causa directa do repartimento vertical do **poder político dentro do estado**, o que, non por casualidade, ten alporizado ao conxunto do españolismo académico e político e aos seus transmisores meióticos, poñéndose en primeiro plano o seu empeño en coutar calquera posibilidade de permitir un avance, sequera moderado, cara unha estrutura xurídico-política estatal que recoñeza a plurinacionalidade real existente. Política na que coinciden esencialmente todos os partidos estatais, diferenciados unicamente en matices que non teñen ningún contido cualitativo verbo da estrutura básica inxerida nunha Constitución española, peza legal esencial declarada inmutábel e arroxada coma unha especie de *Verdade Divina* contra todo intento da súa modificación nestes aspectos esenciais para o Nacionalismo, non para os

rexionalistas *á española* que se amorean no BNG, máis que satisfeitos co “proceso revolucionario” que supón á xura desa Constitución(!) e que portanto atópanse *encantados* coa situación actual do “estado das autonomías”.

Do lado cuantitativo, se no momento inicial existen diferenzas de nivel e calidade na subministración dos diferentes servizos polas CCAAs, unha **cuestión indubidábel**, é moi importante observar se a **evolución temporal do sistema de financiamento permite dar solución gradual desas diferenzas**. Este non é o caso do modelo en vigor, que como vemos no Cadro a continuación para o caso galego, está conformado estruturalmente dunha maneira que **provoca un agudo proceso de diverxencia**, empeorando relativamente a súa situación inicial. Xusto o contrario do que debería ser. Tamén neste aspecto o novo sistema de financiamento mostra unha regresión clara do punto de vista galego. Non se trata só de introducir garantías de suficiencia dinámica (temporal), senón de evitaren que o seu funcionamento leve a unha evolución diverxente entre as diferentes comunidades autónomas. Mais isto non preocupa aos nosos españoлисты, pola contra, parécelles fenomenal pois daquela avánzase cara un modelo fundamentado no principio de capitación, **que en tal consiste a súa ilusión e propaganda igualitaria, mantendo unha ficción de igualdade que na realidade presupón a consolidación permanente da desigualdade**. Curiosamente, de practicaren unha coherencia 'global', deberían defender coa mesma contumacia a **igualdade de ingresos a nivel persoal**, para que todo estivese establecido en termos identicamente iguais. Mais isto considérano absolutamente irracional, unha completa loucura, por razóns ben obvias: cómo eles e a súa actividade improdutiva, inane, inútil, de simples sucursal do españolismo rancio ou non, van gozar dos mesmos ingresos que o común dos mortais galegos produtivos que, desenvolvendo a súa actividade, fai avanzar ao país!?

RECURSOS TOTAIS (M€) DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO 2002-2008								
Territorio	A. BASE			LIQUIDACIÓNS				
	1999	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
GALIZA	4.274	5.301	5.718	6.140	6.840	7.659	8.129	7.171
Cataluña	9.188	12.111	13.342	14.794	16.787	18.920	19.295	17.140
Madrid	6.847	9.595	10.799	11.934	13.474	15.187	15.426	13.863
R. COMÚN	54.905	71.317	78.527	86.290	97.648	110.030	114.357	99.626
Δ% SOBRE O ANO BASE (1999)								
GALIZA		24,0	33,8	43,6	60,0	79,2	90,2	67,8
Cataluña		31,8	45,2	61,0	82,7	105,9	110,0	86,6
Madrid		40,1	57,7	74,3	96,8	121,8	125,3	102,5
R. COMÚN		29,9	43,0	57,2	77,8	100,4	108,3	81,5
DIFERENZAS DE GALIZA CON:								
Cataluña		-7,8	-11,5	-17,4	-22,7	-26,8	-19,8	-18,8
Madrid		-16,1	-24,0	-30,7	-36,8	-42,6	-35,1	-34,7
R. COMÚN		-5,9	-9,3	-13,5	-17,8	-21,2	-18,1	-13,7
PARTICIPACIÓN DE GALIZA NO SISTEMA (%)								
	7,79	7,43	7,28	7,12	7,00	6,96	7,11	7,20

Vemos aquí de maneira nidia que a evolución do sistema, dos seus Recursos Totais que é o que realmente vale para o financiamento dos servizos e non as ficcións aritméticas, desconsiderando a situación na orixe (no ano base), é moi negativa para Galiza, e agrávase a cada ano que transcorre até o exercicio 2006, mellorando lixeiramente nos exercicios 2007 e 2008, como consecuencia do mellor comportamento económico do noso país en relación coa media do estado. Comportamento temporal negativo (a famosa “suficiencia dinámica” no argot correspondente) nomeadamente na súa comparanza con Madrid, malia esta „rica“ comunidade teren un Fondo de Suficiencia negativo. Reflicte isto un proceso de diverxencia ou de converxencia?. Deixámolo para que se pronuncien os españoлисты, que non o farán. Para nós faise evidente que o sistema vixente é completamente desapropiado (e non asumíbel) para o noso país, mesmo deixando a un lado as importantes cuestións ideolóxicas subxacentes.

A maiores, vemos que se Galiza representaba o 7.8% dos recursos totais do sistema de financiamento de réxime común no ano base, no último exercicio liquidado, 2008, só representa un escaso 7.2% (-0.6 puntos porcentuais). Pola contra, as cifras equivalentes para Cataluña pasaron do 16.7 a 17.2% (+0.5), e as de Madrid, do 12.5 ao 13.9% (+1.4). Unha maneira de comprobar a importante perda de recursos para Galiza que este comportamento supón, consiste en comparar os recursos totais reais que lle aportou o sistema e os que resultarían dunha situación na que eses recursos totais tiveran medrado á mesma taxa media que o conxunto das CCAAs do réxime común, é dicir, que Galiza conservara a mesma porcentaxe de participación no sistema que a establecida no ano base.

SISTEMA DE FINANCIAMENTO 2002-2008								TOTAL
RECURSOS TOTAIS	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2002-2008
1. REAL do SdF	5.301	5.718	6.140	6.840	7.659	8.129	7.171	41.655
2. S/Taxa Crecto. RC	5.552	6.113	6.718	7.602	8.566	8.903	7.756	45.657
DIFERENZA: 1 - 2	-251	-396	-578	-762	-907	-774	-585	-4.002
								% s/PIBpm de GZ 2008 = 7,11

Á vista disto, mais parecera que a nosa Galiza é tan 'rica' que se permite asinar un Sistema de Financiamento que implica estas continuas e crecentes *regalías* pola súa parte cara ás outras CCAAs, nomeadamente a 'pobre' Madrid, e que acumulativamente, neste período, se elevan ao 9,6% dos recursos recibidos polo sistema e ao 7,1 % do PIB galego en 2008. Até onde chegaremos coa fachenda de tanta solidariedade, que logo por riba, predícasenos de maneira invertida!. MAIS O MÁIS GRAVE É QUE SE PRETENDE QUE ISTO MESMO VOLVA A ACONTECER CO NOVO SISTEMA DE FINANCIAMENTO DE MANEIRA AGRAVADA, entre outras cuestións,

pola posición concreta de partida mantida polos gobernos galegos que tiveron de lle facer fronte a esta situación.

Noutros informes temos afondado nisto tomando en conta a desagregación dos recursos totais do sistema en transferencias e ingresos tributarios, que como xa describimos noutro lugar resulta unha das cuestións esenciais para o españolismo deducir os seus ideoloxemas básicos que negan **as potencialidades do noso país**, de deixárllelas exercer, para o manter nunha posición de permanente dependencia, como albo de xustificación e permanencia eterna do actual estado español, tal cal é a súa estruturación político-xurídica. Algo que, como non podería ser doutra maneira, dada a continuidade en negativo que representa o novo sistema respecto do actual, vaise manifestar dunha maneira sibilina e concreta a través de varios instrumentos do novo sistema, que non é caso comentar aquí, tempo haberá, mais que teñen o seu cumio na esperpéntica e fantástica definición que se fai da **capacidade fiscal** das comunidades autónomas, que merecería ser espallada polo mundo enteiro para ver se así os seus “creadores” desaparecen de vergoña nun calquera dos moitos buracos deste mundo, no precisamente negros, como efecto do espectáculo recorrente dos bombardeos como deporte exemplar.

Non resultará a realidade aquí analizada suficientemente contundente para os nosos españolistas académicos e políticos?. Si seguramente, mais parécelles formidábel, por canto desta maneira poderán continuar acreditando nas súas „teses“ recorrentes da „Galiza subvencionada“, do „estado solidario“, e parvalladas equivalentes. **Esperta ferro!**.

FERROL, a 11 de Agosto de 2010



*A estes non lles colan as burradas
Do rexionalismo á española!!*

CPN

Cadernos de
Pensamento
Nacionalista



www.terraetempo.com



Fundación
Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas



terraetempo
dixital galego de pensamento nacionalista